

CIRCULAR 184-2024.

CONTROL FGA PC- 28/12/2024 (Xornada de tarde)

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 28 de decembro de 2024 en Expourense (Ourense).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 16, permitíndose ós atletas Sub 14 e Sub 16 de último ano participar nas probas da categoría inmediatamente superior.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 23 de decembro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) Na proba de salto de lonxitude os atletas terán 4 intentos. Na pértega non haberá desempate polo primeiro posto.

Art.6) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

| SAÍDA A PISTA | |
|--|-----|
| Minutos antes da hora oficial da proba | |
| Carreiras | 5' |
| Lonxitude | 20' |
| Pértega | 30' |

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.7)Horario: poderá ser modificado segundo necesidades do Campionato.

| HORARIO CONTROL 28/12/2024- XORNADA DE TARDE | | | | |
|---|------------------|------------------------|------------------|----------------|
| HORA | CARREIRAS | CAT./MODALIDADE | LONXITUDE | PÉRTIGA |
| 16:30 | 200 | Homes | | H-M |
| 16:37 | 200 | Homes | | |
| 16:44 | 200 | Homes | | |
| 16:51 | 200 | Homes | | |
| 16:58 | 200 | Homes | | |
| 17:05 | 200 | Mulleres | | |
| 17:12 | 200 | Mulleres | | |
| 17:19 | 200 | Mulleres | | |
| 17:26 | 200 | Mulleres | | |
| 17:33 | 200 | Mulleres | | |
| 17:40 | 800 | Homes | | |
| 17:47 | 800 | Homes | | |
| 17:54 | 800 | Homes | | |
| 18:01 | 800 | Mulleres | | |
| 18:08 | 800 | Mulleres | | |
| 18:15 | 800 | Mulleres | | |
| 18:22 | 1000 | Sub 16 Homes | | |
| 18:29 | 1000 | Sub 16 Homes | | |
| 18:36 | 1000 | Sub 16 Homes | | H-M |
| 18:43 | 1000 | Sub 16 Mulleres | | |
| 18:50 | 1000 | Sub 16 Mulleres | | |
| 18:57 | 1000 | Sub 16 Mulleres | | |
| 19:04 | 1500 | Homes | | |
| 19:11 | 1500 | Homes | | |
| 19:18 | 1500 | Mulleres | Homes | |
| 19:25 | 1500 | Mulleres | | |
| 20:07 | 600 | Sub 16 Homes | | |
| 20:14 | 600 | Sub 16 Homes | | |
| 20:20 | 600 | Sub 16 Mulleres | | |
| 20:25 | 600 | Sub 16 Mulleres | | |



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA servizos@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada. servizos@atletismo.gal

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 16 de decembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo